



¿Sabes o que fan os teus fill@s na rede?

CONECTAD@S EN FAMILIA

Pais, nais e fill@s fronte as novas tecnoloxías



Marta Doviro
Presentadora

Divulgación
Live style
Educación



Antonio Rial Boubeta
Experto asesor de contidos



TELEVISIÓN DE GALICIA

ZERO
ENTERTAINMENT

MEMORIA DO PROXECTO

A irrupción das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) na vida dos adolescentes e dos rapaces e rapazas está a xerar perigos que pasan desapercibidos para pais, nais, educadores e para o conxunto da sociedade. Con este programa de televisión plantexamos abrir un debate sobre o mundo dixital e as súas consecuencias, cun formato que aposta polo contido transmedia para as plataformas dixitais.



Título:

Conectad@s en Familia

Xénero:

**Divulgación / Life Style /
Educación**

Duración:

30 minutos x 8 capítulos

Target:

Todos os públicos, familiar

Emisión Semanal

Calidade 16:9 Full Hd

1080/50p

DESEÑO E CONTIDOS



DESEÑO

A fin do programa é que as familias e a comunidade educativa descubran que hai novas situacións que poden ser perigosas e que busquemos unha posible solución.

Amosaremos situacións nas que no día a día atópase a xente da rúa e que son problemas aos que non nos sabemos enfrontar debido o rápido avance das tecnoloxías e a evolución dos rapaces con elas.

CONTIDOS

O formato está dividido en dúas partes de contidos, divididos nun 50% (opinións dos adolescentes e a súa visión) e un 50% (seccións do programa, onde expert@s en redes, psicólog@s educador@s, pais e nais ... dan a súa opinión).

A primeira fonte de contidos é a visión dun sector da sociedade que non estamos acostumados a escoitar pero que teñen moito que dicir xa que eles son os nativos dixitais.

O resto do minutado do programa complétase cunha serie de seccións fixas destinadas a dar pistas, trucos e indicacións prácticas para a audiencia.



CONCEPTO

Abordar a problemática que existe na rede se non se toma o control do asunto, desde adicións ata encontros non desexados, pasando por unha morea de perigos que están aí e moitas veces pasan desapercibidos para as familias.

Un formato con clara vocación divulgativa, cen por cen galego.

SINOPSE

Antonio Rial Boubeta, profesor universitario e investigador de referencia en Galicia no campo das Novas Tecnoloxías dá resposta as inquedanzas de Marta Doviro, unha actriz e comunicadora galega preocupada pola educación da adolescencia desde a irrupción das TIC na sociedade.

Para esta misión xoga un papel fundamental a opinión dos adolescentes, aos que lles daremos voz para abordar o tema desde a base.

Apoiando a trama principal están as seccións fixas do programa, que solventarán dúbidas e darán trucos aos espectadores.

PÚBLICO OBXETIVO AO QUE SE DIRIXE

CONNECTAD@S EN FAMILIA é un reto familiar, xa que debemos saber máis dos beneficios e as ferramentas que temos na rede, así como dos perigos que nos axexan. Este programa vai dirixido a tódolos públicos.